

Este boletín é iniciativa do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais, aprobada na planificación de actividades do 2015. Ven completar ao boletín que o Consello dedica á negociación colectiva dende o ano 2009 e que conta cunha grande aceptación entre os seus destinatarios. Mantendo unha periodicidade trimestral, tratará de condensar os datos máis significativos que inciden na situación sociolaboral, tales como a poboación, PIB, paro rexistrado, contratos celebrados, afiliación á Seguridade Social, sinistralidade, etc. En definitiva, con esta iniciativa preténdese poñer ao dispor dos participantes no mercado laboral, unha ferramenta para o coñecemento máis axeitado do noso contorno.

### Poboación

A 1 de xullo de 2014, os datos facilitados polo INE indican que a poboación da nosa Comunidade era de 2.739.229 persoas, o que supón una diminución con respecto aos datos do semestre anterior de -7.997 persoas (-0,29%). Esta redución da poboación galega a sitúa entre as cinco comunidades autónomas con maior decrecemento da poboación, e débese principalmente a un saldo vexetativo negativo (nacementos - defuncións) de -6.138 persoas. Os outros compoñentes de variación de poboación son tamén negativos: saldo migratorio interior de -1.190 persoas, e saldo migratorio exterior de -669 persoas.

#### Poboación de Galicia e España a 01.07.2014

	Poboación a 1 de xullo de 2014	Poboación a 1 de xaneiro de 2014	Saldo primeiro semestre 2014			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
<b>Galicia</b>	<b>2.739.229</b>	<b>2.747.226</b>	<b>-6.138</b>	<b>-669</b>	<b>-1.190</b>	<b>-7.997</b>
<b>España</b>	<b>46.464.053</b>	<b>46.512.199</b>	<b>2.280</b>	<b>-50.426</b>	<b>0</b>	<b>-48.146</b>

Fonte: INE

### Produto interior bruto galego e estatal


A variación trimestral do PIB de Galicia no último trimestre do ano 2014 rexistrou un incremento dun 0,1%, quedando fixada a variación interanual para o cuarto trimestre nun 0,4%. A nivel estatal, as porcentaxes correspondentes foron dun 0,7% e 2,0% respectivamente.

O seguinte gráfico representa os valores de PIB galegos e estatais dos últimos doce trimestres. Pódese observar que, despois dun período de evolución converxente dos dous parámetros, a tendencia alcista do PIB estatal rexistrada desde finais do ano 2013 non é acompañada pola evolución no PIB galego (cunha disparidade no 4º trimestre de 2014 de 1,6 puntos porcentuais).

#### Variación interanual porcentual do PIB Galicia-España 2009-2014

	%(T/T-4)	2009	2010	2011	2012	2013	2014*	4T13	1T14	2T14	3T14	4T14
<b>Galicia</b>		<b>-3,4</b>	0,5	<b>-0,5</b>	<b>-0,9</b>	<b>-1,0</b>	<b>0,4</b>	<b>-0,1</b>	0,2	0,5	0,4	<b>0,4</b>
<b>España</b>		<b>-3,8</b>	<b>-0,2</b>	0,2	<b>-1,6</b>	<b>-1,2</b>	<b>1,4</b>	<b>-0,2</b>	0,5	1,2	1,6	<b>2,0</b>

Fontes: INE, IGE / \* datos provisionais



## Poboación activa, paro rexistrado, contratación e afiliación á Seguridade Social

No primeiro trimestre de 2015, a Enquisa de Poboación Activa reflicte para Galicia unha diminución de 16.500 persoas respecto do mesmo trimestre do ano anterior, o que supón un descenso da poboación activa do -1,29%. A taxa de ocupación foi dun 41,8% (987.500 persoas) e a taxa de paro foi dun 21,8% (275.700).

No que se refire á contratación, o mes de marzo de 2015 asináronse 63.842 novos contratos na nosa Comunidade Autónoma, 10.150 máis que no mes anterior (incremento dun 18,90%) e 12.787 máis que no mes de marzo do ano 2014 (25,05%).

No que atinxe aos datos de paro rexistrado no pasado mes de marzo do 2015, o número de persoas desempregadas rexistradas foi de 252.137, o que representa un decrecemento de 5.413 persoas respecto do mes anterior (-2,10%) e un descenso de 24.326 persoas desempregadas rexistradas con respecto ao mes de marzo do ano anterior (-8,80%).

Segundo os datos dispoñibles na Tesourería Xeral da Seguridade Social, no mes de marzo de 2015 a media de afiliación na seguridade social era de 923.061 persoas. Neste mes observouse un incremento de 5.216 persoas rexistradas na Seguridade Social con respecto ao mes anterior (0,57%). Con respecto ao mesmo mes do ano 2014, obsérvase un incremento de persoas rexistradas de 17.012 (1,88%).

### Valores Poboación Activa Galicia-España I Trimestre 2015

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaje	Diferencia	Porcentaje
Galicia	1.263,2	-1,1	-0,1	-16,5	-1,3
España	22.899,4	-127,4	-0,6	15,5	0,1

Fonte: Enquisa de Poboación Activa - INE (datos en miles)

### Paro rexistrado en Galicia por xénero, idade e sector, Marzo 2015

	Mes actual	Var. mes anterior	% Var. mes anterior	Var. mes ano anterior	% Var. mes ano anterior
<b>mar-15</b>	<b>252.137</b>	<b>-5.412</b>	<b>-2,10%</b>	<b>-24.326</b>	<b>-8,80%</b>
Homes	118.285	-3.919	-3,21%	-16.182	-12,03%
Mulleres	133.852	-1.493	-1,10%	-8.144	-5,74%
<30 anos	37.666	-649	-1,69%	-7.021	-15,71%
entre 30 e 44 anos	97.389	-3.171	-3,15%	-12.933	-11,72%
>44 anos	117.082	-1.592	-1,34%	-4.372	-3,60%
Agricultura e Pesca	9.056	-447	-4,70%	-413	-4,36%
Industria	32.385	-926	-2,78%	-5.876	-15,36%
Construción	31.922	-1.241	-3,74%	-7.921	-19,88%
Servizos	158.265	-3.030	-1,88%	-8.687	-5,20%
Sen emprego anterior	20.509	232	1,14%	-1.429	-6,51%

Fonte: Boletín Mensual do Paro rexistrado, Consellería de Traballo e Benestar, Xunta de Galicia

### Datos contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector, Marzo 2015

	Mes actual	Var. mes anterior	% Var. mes anterior	Var. mes ano anterior	% Var. mes ano anterior
<b>mar-15</b>	<b>63.842</b>	<b>10.150</b>	<b>18,90%</b>	<b>12.787</b>	<b>25,05%</b>
Homes	34.677	6.180	21,69%	6.563	23,34%
Mulleres	29.165	3.970	15,76%	6.224	27,13%
<30 anos	19.123	2.922	18,04%	3.072	19,14%
entre 30 e 44 anos	30.616	4.921	19,15%	6.161	25,19%
>44 anos	14.103	2.307	19,56%	3.554	33,69%
Indefinido	5.879	743	14,47%	1.104	23,12%
Temporal	55.575	8.751	18,69%	10.862	24,29%
Prácticas / Formación	1.236	224	22,13%	432	53,73%
Outros	1.152	432	60,00%	389	50,98%
Agricultura e Pesca	2.166	536	32,88%	481	28,55%
Industria	9.737	775	8,65%	1.414	16,99%
Construción	4.459	408	10,07%	522	13,26%
Servizos	47.480	8.431	21,59%	10.370	27,94%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación, Consellería de Traballo e Benestar

## Datos de Afiliación á Seguridade Social Galicia-España Marzo 2015)

	Afiliación media marzo 2015	Variacións			
		mes anterior		interanual	
		absoluta	relativa	absoluta	relativa
<b>Galicia</b>	<b>923.061</b>	<b>5.216</b>	<b>0,57%</b>	<b>17.012</b>	<b>1,88%</b>
<b>España</b>	16.832.801	160.579	0,96%	536.513	3,29%

Fonte: IGE (Informe de afiliación á seguridade social, segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)

## Sinistralidade

En febreiro observouse un incremento dun 5,51% na sinistralidade con respecto ao mesmo mes do 2014. Analizando a evolución por sectores de actividade, pódese ver que o maior incremento da sinistralidade produciuse na industria, cun 12,07%, seguida do sector agrícola cun 11,39%. Como dato mais positivo vese unha redución dos accidentes no sector pesqueiro de máis dun 4%. Nas variacións respecto ao tipo de accidente, vese unha evolución moi dispar entre os accidentes leves (que subiron un 6%) e os graves (que se reduciron nun 17%). A tendencia alcista da sinistralidade confirma o aumento observado nos tres últimos meses.

### Accidentes laborais con baixa en xornada de traballo por sectores de actividade e gravidade. Galicia, Febreiro 2015

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2014	2015	% Var	2014	2015	% Var	2014	2015	% Var	2014	2015	% Var
<b>Agricultura</b>	72	81	12,50	7	7	0,00	0	0	0,00	79	88	11,39
<b>Pesca</b>	93	89	-4,30	4	4	0,00	0	0	0,00	97	93	-4,12
<b>Industria</b>	479	543	13,36	9	5	-44,44	1	0	-100,00	489	548	12,07
<b>Construción</b>	219	228	4,11	5	7	40,00	1	3	200,00	225	238	5,78
<b>Servizos</b>	959	991	3,34	16	11	-31,25	4	3	-25,00	979	1.005	2,66
<b>Total</b>	<b>1.822</b>	<b>1.932</b>	<b>6,04</b>	<b>41</b>	<b>34</b>	<b>-17,07</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>0,00</b>	<b>1.869</b>	<b>1.972</b>	<b>5,51</b>

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. ISSGA.

## Sociedades constituídas, disoltas e ampliacións de capital

En marzo constituíronse en Galicia 444 sociedades mercantís. Este mes rexistráronse 85 máis que no mes anterior e 37 menos que no mesmo mes de 2014. O capital medio subscrito polas sociedades constituídas en marzo foi de 48.480€ por sociedade.

### Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, Marzo 2015

	Dato do mes		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto mes pasado	% variación de capital respecto ao mes pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo mes ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo mes do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
<b>Sociedades constituídas</b>	444,0	21.525,2	85,0	5,2	37,0	-68,6
<b>Sociedades que ampliaron capital</b>	164,0	79.395,2	12,0	-27,5	38,0	136,3

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

### Sociedades mercantís disoltas ou que reducen capital, Marzo 2015

	2014/Marzo	2014/Febrero	2015/Marzo
<b>Sociedades disoltas</b>	117	164	<b>135</b>
<b>Sociedades que reducen capital</b>	24	47	<b>54</b>
<b>Sociedades en situación concursal</b>	41	19	<b>31</b>

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Por outra banda, en marzo foron disoltas 135 sociedades mercantís en Galicia, 29 menos que o mes anterior. Respecto a marzo do 2014, producíronse 18 disolucións mais. Este mes reduciron o seu capital social 54 empresas. Ademais, rexistráronse cinco procesos de fusión de empresas, catro de escisión, e 31 empresas entraron en situación concursal, rebaixándose así en dez sociedades concursadas respecto ao dato do ano anterior.

## Datos de expedientes de regulación de emprego

No que se refire aos expedientes de regulación de emprego, salienta que no mes de febreiro de 2015 presentáronse 81 expedientes, o que supón un descenso dun -37,21% respecto dos presentados no mes de febreiro de 2014 (129). A diminución máis significativa nos expedientes presentados produciuse nos EREs relacionados con reducións de xornadas (-73,33%). Por outra banda, rexistrouse un incremento nos expedientes de regulación de emprego relacionados con suspensións de contratos (22,00%).

Neste mesmo período apréciase un descenso no número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego, tanto para homes (os afectados baixan de 1.206 no ano 2014 a 394 neste ano 2015 -un descenso do -67,33%) como para mulleres (as afectadas baixan desde 396 no ano 2014 ata 102 no ano 2015 -un descenso dun -74,24%).

Expedientes de regulación de Empleo segundo a medida e o sector de actividade (Febreiro 2014-Febreiro 2015)

	Despedimentos colectivos			Suspensións de contratos			Reducións de xornada			Totais		
	2014	2015	% Var.	2014	2015	% Var.	2014	2015	% Var.	2014	2015	% Var.
Agricultura	1	0	-100,00%	0	0	0,00%	0	0	0,00%	1	0	-100,00%
Pesca	0	0	0,00%	0	41	-----	0	0	0,00%	0	41	-----
Industria	1	0	-100,00%	20	5	-75,00%	15	8	-46,67%	36	13	-63,89%
Construción	1	0	-100,00%	12	1	-91,67%	9	1	-88,89%	22	2	-90,91%
Servizos	1	0	-100,00%	18	14	-22,22%	51	11	-78,43%	70	25	-64,29%
<b>TOTAL</b>	<b>4</b>	<b>0</b>	<b>-100,00%</b>	<b>50</b>	<b>61</b>	<b>22,00%</b>	<b>75</b>	<b>20</b>	<b>-73,33%</b>	<b>129</b>	<b>81</b>	<b>-37,21%</b>

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar, Dirección xeral de Traballo e Economía Social

## Conflitividade laboral

Segundo os datos facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social para o período xaneiro-décembro de 2014, en Galicia leváronse a cabo 106 folgas, o que supón un descenso dun -8,6% fronte as do mesmo período do ano anterior. Se nos fixamos na repercusión destes conflitos en función das persoas traballadoras que participaron neles, vemos que tamén se produciu un descenso, neste caso un -44,5%. Por último, tomando como criterio as xornadas non traballadas con motivo de folga, o descenso rexistrado no período de referencia acadou un -24,4% no total de xornadas de traballo perdidas.

### Folgas realizadas, traballadores participantes e xornadas non traballadas Galicia-España Xaneiro-Décembro 2014

	Folgas		Traballadores participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior
Galicia	106	-9	24.653	-19.762	50.688	-16.377
España	777	-215	217.047	-230.977	620.588	-477.912

Estadística de folgas e peches patronais. Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

## Custos laborais e salariais

No referente aos datos estatísticos de custos laborais en Galicia, o *Observatorio da economía galega* da Consellería de Facenda reflicte un valor medio do custo salarial por persoa traballadora e mes para o último trimestre de 2014 de 2.378,7 €, o que supón un incremento dun 0,6% con respecto ao valor rexistrado no mesmo trimestre do ano 2013. O valor medio rexistrado do custo salarial por persoa traballadora e mes foi de 1769,0 €, o que representa unha diminución dun -0,5% con respecto ao último trimestre do 2013. Así mesmo, destacar que os valores medios para os dous parámetros ao longo do ano 2014 mantivéronse constantes respecto ao ano 2013.

### Custos laborais e salariais. Galicia. 2010-2014

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo salarial por persoa traballadora e mes	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2010	2251,3	2,3	1663,2	3,0
2011	2265,3	0,6	1669,7	0,4
2012	2206,2	-2,6	1618,1	-3,1
2013	2260,2	2,4	1656,0	2,3
2014	2261,4	0,0	1654,0	0,0
4T13	2363,5	4,8	1778,2	6,3
1T14	2170,3	-0,4	1572,4	0,1
2T14	2291,8	-0,1	1671,9	-0,2
3T14	2204,8	0,0	1602,8	0,2
4T14	2378,7	0,6	1769,0	-0,5

Fontes: INE, Xunta de Galicia. Consellería de Facenda. Observatorio de economía galega

## Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Un rápido balance da evolución da actividade do Consello Galego de Relacións Laborais no 1º trimestre do 2015 indícanos que, en exercicio da función consultiva sobre normativa laboral conferida pola Lei 5/2008, reguladora do Consello, emitíronse 13 ditames.

O fomento do debate sobre cuestións laborais de actualidade, no 1º trimestre o Consello levou a cabo 4 xornadas nas capitais de provincia galegas, dedicadas a *Cuestións Laborais Problemáticas e de Interese en 2015* contando coa presenza de 330 asistentes.

O Consello apoia e fomenta da negociación colectiva tanto a través do seu procedemento de solución extraxudicial de conflitos (AGA) que rexistrou a entrada de 15 expedientes ao remate do 1º trimestre, e como organismo catalizador da negociación colectiva en diversos sectores, ben como sede de comisións paritarias, en reunións de comisións negociadoras de convenios colectivos sectoriais, ou estudando as posibilidades de sinatura de convenios en sectores que carecen deles, ou nos que a negociación dos mesmos atópase bloqueada. Neste eido compre destacar a sinatura de dous convenios de sector no período de referencia: o convenio de Eventos, Servizos e Producións Culturais de Galicia e o de Pompas Fúnebres de Galicia.

Para información específica da situación da negociación colectiva galega, pode consultar o Boletín da Negociación Colectiva elaborado polo Consello Galego de Relacións Laborais en [http://cgri.xunta.es/g\\_necol2.html](http://cgri.xunta.es/g_necol2.html)